

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE INMIGRANTES E RETORNADOS RIOPLATENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO DIRIXIDAS A EMIGRANTES RETORNADOS.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2023

REUNIDAS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante o Decreto 140/2020, do 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional primeira do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra parte, a **Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses**, representada neste acto pola presidenta da asociación, D.^a Ana María Bereciartua Gasperini, actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 15 dos estatutos da asociación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As administracións públicas no exercicio das súas competencias poden subscribir convenios de colaboración con outras administración ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público en relación co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

SEGUNDO.- De acordo co establecido no artigo 27 do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno. Así mesmo, lle corresponden as atribucións de promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia dos galegos e das galegas residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega.

TERCEIRO.- A Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses fundouse no ano 2007 co obxecto de manter a vixencia multicultural e a historia que une desde sempre aos pobos de Arxentina e Uruguai co pobo galego. Ten a súa sede social en Lugo, é unha asociación sen ánimo de lucro que desenvolve accións destinadas a promover a inclusión social dos emigrantes retornados, procurar a súa formación profesional e traballar no asesoramento socio laboral do colectivo retornado.

A asociación está comprometida co estudo e rescate das tradicións culturais existentes e traballa pola consecución dun ambiente de intercambio cultural enriquecedor para todos e todas co desenvolvemento de distintos programas e actividades de tipo cultural. Tamén é de destacar a súa labor na defensa dos dereitos e na consecución dunha efectiva integración de determinados colectivos na nosa comunidade, polo que prestan un servizo de asistencia socio-laboral e xurídica dirixido tamén aos emigrantes retornados levado a cabo por un equipo multidisciplinar para dar cobertura ás súas necesidades e demandas no proceso de retorno.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, polo que non é posible promover a concorrència pública, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecer ás persoas emigrantes retornadas á Comunidade Autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

Por todo o exposto e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para o desenvolvemento de accións de información e asesoramento dirixidas a persoas galegas retornadas á comunidade autónoma galega.

SEGUNDA.- *Compromisos das partes*

1. A Asociación de Inmigrantes e Retornados Rioplatenses obrígase a:

- Informar, asesorar e ofrecer un servizo integral e completo aos emigrantes retornados, tanto no referente aos seus dereitos adquiridos no país da emigración como das obrigas e dereitos que se xeran co retorno.
- Prestar a orientación e o asesoramento xurídico e laboral necesario, así como apoio psicolóxico.
- Apoiar aos emigrantes retornados no cumprimento dos trámites necesarios na súas relacións coas administracións públicas.
- Proporcionar unha atención directa e individualizada aos emigrantes no momento do retorno.
- Derivar as persoas atendidas á oficina integral de asesoramento e seguimento ao retorno.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os/as beneficiarios/as de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seus correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no título I da citada Lei.

2. A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

Achegar o financiamento previsto na cláusula terceira, condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.

TERCEIRA.- Orzamento

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía global de **dez mil euros (10.000,00 €)**. Esta achega farase con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

A entidade destinará a achega feita pola Secretaría Xeral da Emigración a sufragar os gastos derivados do desenvolvemento das actividades descritas no apartado primeiro da cláusula segunda.

Os gastos subvencionados a través deste convenio serán os gastos de persoal, os honorarios doutros/as profesionais ou expertos/as que participasen nas accións desenvolvidas, gastos correntes como alugueiro de locais ou equipos, teléfono, conexión a internet, publicidade, mensaxería, material funxible; axudas de custo, gastos de viaxe e desprazamento; asesoría e xestións administrativas, así como outros gastos correntes relacionados directamente co obxecto do convenio.

En relación coas axudas de custo e gastos de viaxe, o importe máximo será o establecido para o grupo 2 no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

CUARTA.- Pagamento e xustificación

En virtude do disposto no título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

Logo da sinatura deste convenio, en concepto de pagamento anticipado, efectuarase unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas, por un importe do oitenta por cento (80%) da contía total da subvención, atendendo ao disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O importe restante librarase no momento en que se xustifiquen na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda, sen que en ningún caso, o importe pagado sexa superior ao importe xustificado, ata o límite do importe concedido.

O prazo de xustificación do presente convenio remata o 15 de decembro de 2023 e a entidade deberá presentar con anterioridade ao remate do devandito prazo a seguinte documentación xustificativa:

- Certificación acreditativa dos gastos realizados expedida pola persoa representante da Asociación de Rioplatenses de Lugo na que se indicará de forma expresa que se cumpriu a finalidade obxecto do convenio e que para a súa execución se destinaron os fondos achegados pola Secretaría Xeral da Emigración.

- Relación de facturas e documentos xustificativos dos gastos realizados, na que conste a data de emisión, concepto e importe.

- Documentos xustificativos dos gastos, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento.

Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptarase a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio, asinada por quen represente á entidade, na que se fará constar os obxectivos acadados, accións realizadas e o colectivo atendido con indicación das persoas atendidas.

- Declaración responsable do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débeda ningunha coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Declaración do conxunto das axudas concedidas para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera outro organismo, ente ou sociedade, tanto público como privado.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido levará consigo a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e as demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Igualmente, en virtude do disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con carácter previo á sinatura do presente convenio, a Asociación de Rioplatenses de Lugo deberá presentar declaración de que se atopa ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

De acordo co artigo 2.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de decembro de 2022 e ata o 30 de novembro de 2023.

Segundo o disposto no artigo 29.2 da Lei 29/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, salvo disposición expresa en contrario, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación.

Entre outros, serán subvencionables os custes salariais soportados pola entidade beneficiaria, incluíndo cotizacións de Seguridade Social e retencións correspondentes ao IRPF. En relación aos gastos relativos a retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2023, a súa acreditación realizarase mediante a presentación da documentación xustificativa da súa realización e que correspondan á natureza da actividade subvencionada. En consecuencia, para que estes gastos teñan a consideración de subvencionables non será preciso acreditar o pagamento previo por parte da entidade beneficiaria. Respecto destes gastos, a entidade beneficiaria está obrigada a acreditar o efectivo pagamento con anterioridade ao 15 de febreiro do 2024. O incumprimento desta obriga dará lugar ao reintegro parcial da subvención. No caso de que o importe da subvención percibida pola entidade beneficiaria por aqueles conceptos sexa superior aos pagamentos efectivamente acreditados, procederá igualmente o reintegro parcial. No caso de que o importe da subvención percibida pola entidade beneficiaria por aqueles conceptos sexa inferior aos pagamentos efectivamente acreditados, a diferenza será a conta da entidade beneficiaria.

De conformidade co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai desenvolver.

A Secretaría Xeral da Emigración resérvase o dereito a solicitar toda a información que considere precisa en relación coa xustificación dos gastos.

QUINTA.- *Modificación do convenio*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

SEXTA.- Causas de resolución do convenio

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Calquera outra causa prevista nas leis

SÉTIMA.- Reintegro

Procederáse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas representantes da Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha ostentará a presidencia, e dúas representantes da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.

b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante, serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida.

NOVENA.- *Relación laboral*

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración ou o persoal dela dependente non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado para executar este convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMA.- *Publicidade e colaboración*

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina *web*, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

A entidade beneficiaria da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para as obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- *Réxime xurídico*

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido nel, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos e demais

normativa que sexa de aplicación. En relación coa normativa xeral sobre convenios será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

No caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistencia pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos, esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas á subvención concedida, que serán resoltas polo secretario xeral da Emigración), serán integradas, interpretadas e resoltas de xeito motivado pola Administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula oitava. Contra estas resolucións, polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de decembro de 2022.

DÉCIMO TERCEIRA.- *Protección de datos*

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración

A presidenta da Asociación de
Inmigrantes e Retornados
Rioplataenses

Antonio Rodríguez Miranda

Ana María Bereciartúa Gasperini